


**EXPEDIENTE:**2024/E001/000005

**ASUNTO:** PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE DODRO(II)

**TRÁMITE:** RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES PRESENTADAS A ACTA DO 10/10/2024



Na Casa do Concello de Dodro sendo as 14:20 horas do 15/10/2024 reúnese o Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para auxiliares de axuda no fogar do Concello de Dodro mediante o sistema de concurso oposición, segundo as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local do 12 de xuño de 2024.

O anuncio e bases da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o mércores 10 de xullo de 2024 (BOP núm. 132) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Están presentes os seguintes membros do Tribunal:

Presidenta:

María Sonia Olveira Graña, funcionaria do Concello de Dodro.

Vogais:

Araceli Vázquez Vázquez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Natividad Lorenzo Campos, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Secretaria:


María Lourdes Diéguez Rarís, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Escusa a súa asistencia Sandra María García Chenlo.

O Tribunal Cualificador procede a examinar a alegación presentada que se detalla a continuación:

– Alegación presentada por María Otilia Cespón Pérez DNI \*\*\*912\*\*\* con número de rexistro 20240000001872 de data 14/10/2024, na que sinala que no cadro de respostas, a opción que se outorga a pregunta número 3 non é correcta.

Revisado o exame e o cadro de respostas, o Tribunal detecta que efectivamente existe un erro na opción sinalada como correcta no cadro de respostas para a pregunta número 3.



“3. A forma política do estado español é...

- a) A monarquía
- b) A monarquía parlamentaria.
- c) A república”

A opción correcta segundo o artigo 1.3 da Constitución española é:

**b) A monarquía parlamentaria**

Procédese ao cambio no cadro de respostas e a revisión dos exames das persoas aspirantes.

Visto a anterior, en consecuencia o Tribunal Cualificador por unanimidade dos seus membros **ACORDA:**

**Primeiro.-** Estimar a alegación presentada por María Otilia Cespón Pérez DNI\*\*\*912\*\*\*.

**Segundo.-** Publicar o resultado obtido no primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar do Concello de Dodro II.

APELIDOS E NOME	DNI/NIE	RESULTADO DO 1º EXERCICIO
Cespón Pérez, María Otilia	***912***	11,25
Doce Portas, María del Mar	***554***	10,50
Varela Castro, Luis Alberto	***952***	10,50

**Terceiro.-** Publicar as puntuacións finais outorgadas:

APELIDOS E NOME	DNI/NIE	FASE DE OPOSICIÓN	FASE DE CONCURSO	TOTAL
Cespón Pérez, María Otilia	***912***	11,25	0	11,25
Doce Portas, María del Mar	***554***	10,50	0	10,50
Varela Castro, Luis Alberto	***952***	10,50	0	10,50

**Cuarto.-** A vista da existencia dun empate nas puntuacións finais obtidas por dúas persoas aspirantes, o Tribunal Cualificador procede segundo o disposto na base novena das que rexen o proceso selectivo:

"A puntuación total das persoas participantes virá determinada, pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e na fase de oposición, cunha puntuación máxima de 20 puntos.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade:

- Mellor puntuación no primeiro exercicio da fase de oposición.

Se persiste o empate, resolverase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a acta correspondente."


Revisada a puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición constatamos que persiste o empate, polo que se debe proceder a efectuar un sorteo público tal e como se establece nas bases.

**Quinto.-** Sinalar como data para realizar o sorteo público para derimir o empate o día xoves 17 de outubro ás 14:00 horas no Salón de Plenos do Concello de Dodro.

**Sexto.-** Publicar esta acta e o cadro de respostas correcto no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Sendo as 15:10 horas dáse por rematado o acto, estendéndose esta acta que asinan todos os membros do Tribunal Cualificador do que dou fe.

A presidenta




María Sonia Olveira Graña

A secretaria




María Lourdes Diéguez Rarís

A vogal



Araceli Vázquez Vázquez

A vogal



Natividad Lorenzo Campos

